

ORDENANZA FISCAL Nº 3

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a “Taxa por licenza de apertura de establecementos”, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa de actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, con presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura á que se refire o artigo 22 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) a instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se dedique o exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesán, da construción, comercial e de servizos que esté suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Base imponible

Constitúe a base imponible da taxa a superficie que corresponda ao establecemento.

Artigo 6º.- Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase aplicando os tipos de gravame por m/2 de local.

TIPOS DE GRAVAME	PESETAS	EUROS
Epígrafe a):		
Rúas ou vías incluídas na ZONA A	183	1,099852
Epígrafe b):		
Rúas ou vías incluídas na ZONA B	66	0,396668
Epígrafe c):		
Establecementos nos núcleos rurais (ZONA R)	15	0,090152
Epígrafe d):		
En vías incluídas no solo Urbanizable ou Non Urbanizable (ZONA R)	15	0,090152

2. A cota tributaria esixirase por unidade de local.

3. Nos casos de variación ou ampliación da actividade a desenvolver no establecemento suxeito, da cota que resulte por aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario con ocasión da primeira apertura e de posteriores variacións ou ampliacións da actividade, así como da ampliación do local. A cantidade a ingresar será a diferenza resultante.

4. No caso de desestamento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán o 50 por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciara efectivamente.

5. Anexo a esta ordenanza figura un plano das vía públicas por zonas deste municipio con expresión da categoría que corresponde a cada unha delas.

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa.

Artigo 8º.- Devengo

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que consistúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando a apertura xa tivera lugar sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizable a dita apertura.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en ningún modo, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das concesións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º.- Declaración

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañada da alta ou recibo do Imposto sobre Bens Inmóveis.

2. Se despois de formular a solicitude de licenza de apertura variase ou se ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións terán que poñerse en coñecemento da Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 10º.- Liquidación e ingreso

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada a Resolución municipal que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

2. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuario ou arrendatario, practicarase unha liquidación provisional.

Practicarase a liquidación definitiva que proceda, de cuxa cota se deducirá a liquidada en provisional, ingresándose a diferenza nas arcas municipais ou devolvéndose de oficio, se así procedera, ao interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do día vinte e oito de setembro de mil novecientos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte.